



Guía para a inscrición no procedemento de acceso e admisión nos ciclos formativos de grao medio e de grao superior nas ensinanzas artísticas profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia

Convocatoria de acceso para o curso 2025/26

RESOLUCIÓN do 7 de abril de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan probas e se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado nas ensinanzas artísticas profesionais de Artes Plásticas e Deseño da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2025/26 (DOG núm. 76, do 22 de abril)

PREGUNTAS FRECUENTES

1. Que requisitos debo cumprir para acceder ás ensinanzas artísticas profesionais de Artes Plásticas e Deseño?

Nas Ensinanzas Artísticas Profesionais de Artes Plásticas e Deseño existen ciclos formativos de grao medio (CFGM) e ciclos formativos de grao superior (CFGS) que se imparten nas Escolas de Arte e Superiores de Deseño e nos centros adscritos autorizados de Galicia.

→ Inscricción xeral:

a) Requisito de titulación. Debes posuír un dos seguintes títulos:

Para os ciclos formativos de grao medio (CFGM):	Para os ciclos formativos de grao superior (CFGS):
Título de graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria	Título de bacharelato
	Título de Técnico/a de Formación Profesional
	Título de Técnico/aa de Artes Plásticas e Deseño

b) Ter superado a proba específica de acceso

→ Inscricción por Acceso Directo, unicamente para aqueles que acrediten a exención da realización da proba específica de acceso ben por alegación da titulación validante ou por acreditación laboral.

2. Que podo facer se non cumpro o requisito de titulación?

En xeral, as persoas que non cumpran o requisito de titulación indicado na resposta anterior tamén poderán acceder ao grao medio e ao grao superior **se acreditan, mediante a superación dunha proba de acceso substitutiva da titulación** segundo aparece recollido nos anexos III e IV da resolución, posuír os coñecementos e habilidades suficientes para cursar con aproveitamento ditas ensinanzas, **ademais da superación dunha proba específica de acceso** que aparece recollida nos anexos V e VI da



Resolución.

Deberase ter en conta que para acceder por esta vía, sen ter os requisitos académicos de titulación, tense que:

- a) para acceder aos **CFGM**: ter **dezasete anos como mínimo cumpridos no ano natural de realización da proba** que substitúe o requisito académico de titulación de graduado/a en educación secundaria obrigatoria.
- b) para acceder aos **CFGS**: ter **dezanove anos como mínimo cumpridos no ano natural de realización da proba** que substitúe o requisito académico de titulación de bacharel **ou dezaoto anos se se acredita estar en posesión dun título de técnico ou técnica relacionado con aquel ao que se desexa acceder**.

Ademais, existen dúas situacións excepcionais nas que, aínda non constando a titulación acreditativa, se permite realizar a inscrición no prazo establecido tendo en conta o seguinte:

Para aspirantes de acceso xeral que realicen a proba específica de acceso:

- ➔ As persoas aspirantes que, estando matriculadas no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, estean pendentes de ser avaliadas, do procedemento de revisión no centro ou de resolución da dirección territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, ao respecto de reclamación contra as cualificacións do curso 2024/25, deberán realizar igualmente a inscrición no prazo establecido no ordinal sexto e poderán realizar a proba específica. De permitir o resultado da avaliación ou da reclamación contra a cualificación a obtención da titulación de educación secundaria obrigatoria, estas persoas serán avaliadas da proba específica realizada. De non constar a acreditación da titulación antes da publicación da listaxe de adxudicación, non obterán praza na adxudicación.
- ➔ As persoas aspirantes que, estando matriculadas no segundo curso de bacharelato, teñan pendente algunha materia, estean pendentes de ser avaliadas, do procedemento de revisión no centro ou de resolución da dirección territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, ao respecto de reclamación contra as cualificacións do curso 2024/25, deberán realizar igualmente a inscrición no prazo establecido no ordinal sexto e poderán realizar a proba específica de acceso. De permitir o resultado da avaliación ou da reclamación contra a cualificación a obtención do título de bacharel, estas persoas serán avaliadas da proba específica realizada. De non constar a acreditación da titulación antes da publicación da listaxe de adxudicación, non obterán praza nesta.

Para aspirantes que queiran acreditar a exención da proba específica de acceso aos ciclos formativos de grao superior:

- ➔ No caso de que a persoa aspirante estea pendente de poder acreditar a posesión dos requisitos académicos para o acceso, porque se atope pendente da avaliación do proxecto final ou da avaliación final de ciclo, para a obtención dun título de Técnico ou Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño na convocatoria de xuño do ano académico 2024/25 e, en consecuencia, non dispoña do título antes de finalizar o prazo de inscrición, poderá



igualmente formalizar a súa inscrición para o acceso e admisión nas ensinanzas artísticas profesionais de Artes Plásticas e Deseño aos ciclos formativos de grao superior, segundo o calendario establecido nesta resolución para as persoas aspirantes que non se acollan a realizar a proba que substitúe o requisito de titulación de bacharelato, e deberá presentar no centro de inscrición con anterioridade á publicación da listaxe de adxudicación, a certificación de ter solicitado o devandito título.

3. Podo acreditar que estou exento de facer as probas?

Si, neste proceso pódense acreditar dous tipos de exencións:

- a) **Exención de realizar a proba que substitúe o requisito de titulación** para aqueles aspirantes que non cumpran o requisito de titulación de acceso aos ciclos formativos de grao medio ou de grao superior e que poden acreditar ter superadas algunha das probas recollidas no anexo I da Resolución, que son as seguintes:

Para os ciclos formativos de grao medio (CFGM):	Para os ciclos formativos de grao superior (CFGS):
Parte común da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional.	Parte común da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional.
Proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional.	
Proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso aos ciclos formativos de grao medio de ensinanzas deportivas.	
Proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso aos ciclos formativos de grao superior de ensinanzas deportivas.	Proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso aos ciclos formativos de grao superior de ensinanzas deportivas.
Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.	Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos
Proba que substitúe o requisito académico de titulación de bacharelato para o acceso as ensinanzas artísticas superiores.	Proba que substitúe o requisito académico de titulación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas artísticas superiores
Proba que substitúe o requisito académico de titulación de bacharelato para o acceso as ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño de grao superior.	Proba que substitúe o requisito académico de titulación de bacharelato para o acceso as ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño de grao superior superada en convocatorias anteriores.
Proba que substitúe o requisito de titulación de graduado/a en educación secundaria obrigatoria para as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao medio superada en convocatorias anteriores.	

- b) **Exención de realizar a proba específica de acceso** para aqueles aspirantes que cumpran os requisitos recollidos no anexo II da Resolución, e polo tanto solicitan o Acceso Directo ás ensinanzas. Os requisitos son:

➔ **Mediante a acreditación de titulación validante para a exención**, para os ciclos formativos de grao medio e de grao superior, valerían as seguintes titulacións:



Título de Técnico ou Técnica de Artes Plásticas e Deseño ou título declarado equivalente.
Título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou título declarado equivalente.
Título de bacharelato, modalidade de artes, ou de bacharelato artístico experimental.
Título superior ou título de grao en ensinanzas artísticas superiores de Artes Plásticas nas súas diferentes especialidades, ou títulos declarados equivalentes.
Título superior ou título de grao en ensinanzas artísticas superiores de Deseño, nas súas diferentes especialidades, ou títulos declarados equivalentes.
Título superior ou título de grao en ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, nas súas diferentes especialidades.
Licenciatura ou grao en Belas Artes.
Título de Arquitectura superior ou grao en Arquitectura.
Enxeñaría técnica en Deseño Industrial ou grao en calquera especialidade de Deseño Industrial.

Ademais, e unicamente para os ciclos formativos de grao medio, permítese esta exención se se acreditan ter superados os cursos comúns de artes aplicadas e oficios artísticos dos plans de estudos establecidos polo Decreto 2127/1963, do 24 de xullo, ou os establecidos con carácter experimental ao abeiro do Real decreto 799/1984, do 28 de marzo.

➔ **Mediante a acreditación de experiencia laboral**, para os ciclos formativos de grao medio e de grao superior, relacionada directamente coas competencias profesionais do ciclo formativo ao cal se pretende acceder, achegando a certificación da empresa onde se adquiriu a experiencia laboral, na que conste especificamente a duración do contrato, a natureza específica da actividade desenvolvida e o período de tempo en que se realizou dita actividade. No caso de traballadores por conta propia, achegarán a certificación de alta no censo de obrigados tributarios. Será preciso tamén acreditar estar en posesión dos requisitos académicos para o acceso conforme ao establecido nos artigos 52.1 e 52.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro.

4. Como me inscribo nas probas de acceso?

Existen dúas vías de inscrición diferentes, unha para os ciclos formativos de grao medio (CFGM) e outra para os ciclos formativos de grao superior (CFGS).

➔ **Se queres estudar un ciclo formativo de grao medio (CFGM):**

ACCEDE A PÁXINA WEB DA ESCOLA CORRESPONDENTE

Podes consultalas no seguinte enlace: [webs das Escolas de Arte e Superiores de Deseño](#) ou directamente en:

Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Failde. Páxina web: <https://www.escolarte.com/>

Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo. Páxina web: <https://easd.es/>

Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso. Páxina web: <https://eapicasso.com/>

Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón. Páxina web: <https://escoladeartelugo.com/>

Nas webs atoparás toda a información sobre os accesos, coas indicacións correspondentes para facer as solicitudes, e obterás acceso ao enlace que che permitirá facer a túa solicitude de inscrición. Precisarás o certificado dixital ou sistema de usuario e clave Chave365. (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Non esquezas imprimir e asinar a solicitude. Para que poidas rematar o proceso de inscrición é indispensable que a formalices no centro educativo, entregando en prazo toda a documentación



esixida para o teu caso concreto antes de que remate o prazo de inscrición.

➔ **Se queres estudar un ciclo formativo de grao superior (CFGS):**

Debes seguir **tres pasos** para formalizar a túa solicitude de inscrición.

Paso 1. Xerar a solicitude. Debes cubrir o formulario de inscrición a través de <https://www.edu.xunta.gal/eas>, empregando o certificado dixital ou sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

* Se non posúes nacionalidade española e non dispós de Documento Nacional de Identidade (DNI) ou Número de Identidade Estranxeiro (NIE) podes acceder ao formulario de inscrición directamente nas secretarías dos centros ou a través da páxina inicial de <https://www.edu.xunta.gal/eas/>.

IMPORTANTE: Esta solicitude de inscrición será única e vinculante para o curso 2025/26, sen posibilidade de modificación unha vez rematado o prazo de inscrición establecido na resolución. É moi importante que sinalas con cautela as túas preferencias para cursar estudos, non serán modificables.

Paso 2. Imprimir a solicitude. Imprime unha copia da túa solicitude en canto a confirmes na aplicación e asínaa.

IMPORTANTE: Para completar o proceso de inscrición non é suficiente con confirmar a instancia na aplicación informática, debes asínala e entregala fisicamente no centro correspondente efectuando o paso 3.

Paso 3. Formalizar a solicitude de inscrición. Formaliza a inscrición mediante a presentación en prazo desta solicitude asinada, xunto coa documentación requirida para o teu caso no centro ao que desexas acceder como primeira ou única opción.

5. Que prazo teño para facer a miña inscrición?

Desde o día seguinte ao da publicación da resolución da convocatoria de acceso no *Diario Oficial de Galicia*. (DOG núm. 76, do 22 de abril) - data de inicio o 23 de abril do 2025.

Ata o 13 de xuño de 2025 para quenes soliciten **realizar a proba que substitúe de requisito de titulación**

Ata o 26 de xuño de 2025 para quenes **NON** soliciten **realizar a proba que substitúe de requisito de titulación**

6. Onde debo presentar a solicitude e a documentación?

No centro ao que desexas acceder como primeira ou única opción.

7. Que validez temporal ten a proba substitutiva do requisito da titulación de acceso?

A superación da proba substitutiva terá validez permanente en todo o territorio nacional.



8. Que debo levar á proba específica de acceso?

Debes levar o teu documento oficial de identidade e unha copia da solicitude de inscrición, ademais do que determine o tribunal de ser o caso.

Non esquezas consultar as páxinas web do centro de referencia en cada caso:

- [EASD Antonio Faílde](#)
- [EASD Mestre Mateo](#)
- [EASD Pablo Picasso](#)
- [EASD Ramón Falcón](#)

9. Cando e onde se realizarán as probas específicas de acceso para o curso 2025/26?

Para acceso a ensinanzas artísticas profesionais de Artes Plásticas e Deseño:

Data: A proba específica será o día 8 de xullo de 2025.

Lugar: Nas catro EASD de Galicia:

- EASD Antonio Faílde, Avenida da Universidade, 18- A Cuña, Ourense
- EASD Mestre Mateo, Virxe da Cerca, 32, Santiago de Compostela
- EASD Pablo Picasso, rúa Pelamios, 2, A Coruña
- EASD Ramón Falcón, Paseo dos estudantes, 31, Lugo

10. Como podo consultar os resultados ?

Podes consultar os resultados do seguinte xeito:

- Nos taboleiros de anuncios dos centros.
- Na aplicación informática EASP (<https://www.edu.xunta.gal/eas>) para os ciclos formativos de grao superior.

11. Que fago se obtiven praza?

Debes matricularte segundo as instrucións publicadas na resolución:

- Dirixete ao centro de adxudicación no prazo establecido.
- Segue as instrucións e cubre os impresos facilitados na secretaría.

IMPORTANTE: Se non te matriculas nos termos e condicións indicados na resolución, implicará que perderás o dereito á praza adxudicada. Lembra:

- **As persoas aspirantes que obteñan praza na primeira adxudicación, poderán formalizar a súa matrícula no centro de adxudicación no prazo correspondente a esta adxudicación.** Respecto deste prazo de matrícula terase en conta a seguinte casuística:
 - As persoas que obtiveron a praza solicitada en primeira opción na primeira adxudicación e non se matriculen neste prazo, perderán a praza adxudicada e non poderán concorrer á segunda adxudicación.
 - As persoas que non obtiveron a praza solicitada en primeira opción na primeira adxudicación e non se matriculen neste prazo, permanecerán por defecto no proceso de segunda adxudicación, a non ser que manifesten expresamente a súa renuncia, presencial ou telematicamente polos medios habilitados ao efecto.
- As persoas que obteñan praza na segunda adxudicación, deberán formalizar a súa matrícula no centro de adxudicación no prazo correspondente.